



## RESOLUCIÓN REITORAL DO 25 DE XANEIRO DE 2010 DA UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA SICUE DE MOBILIDADE ESTUDANTIL PARA O CURSO 2010/2011

SICUE (Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españols), desenvolvido pola RUNAE (Rede Universitaria de Asuntos Estudantís) da CRUE (Conferencia de Reitores das Universidades Españolas), é un programa que permite a realización parcial de estudos nunha universidade española diferente á de orixe do e da estudante, sen que este ou esta perda a súa condición de estudante da propia universidade, e polo tanto, sen traslado de expediente.

A Universidade de Vigo pertence a este programa dende o curso 2000/2001 e ofrece a mobilidade expresada no ANEXO I.

Cada centro da Universidade de Vigo no que existe mobilidade SICUE dispón dun coordinador ou coordinadora do intercambio, a quen debe dirixirse o alumnado interesado en participar no programa para acadar información sobre o plan de estudos da universidade de acollida.

O programa asegura o recoñecemento académico das materias cursadas e superadas na universidade de destino, sempre que estas non fosen previamente cualificadas con suspenso na Universidade de Vigo.

A praza de mobilidade SICUE non dá dereito a axuda económica, non obstante, o alumnado acollido ao programa SICUE poderá solicitar financiamento a través do programa SÉNECA (Ministerio de Educación), na convocatoria anual que se fará pública trala selección SICUE polas universidades participantes.

Durante o curso 2010/2011, que é considerado como un período transitorio, aceptaranse os intercambios entre titulacións renovadas ou non renovadas e os novos estudos de grao derivados da implantación do Espazo Europeo de Educación Superior. Poderán aceptarse solicitudes de estudantes de titulacións de grao que extinguiran outros estudos, no mesmo acordo bilateral que os estudos que se extingan pola implantación destes graos, sempre que os coordinadores e coordinadoras consideren a viabilidade do acordo académico e se axusten as concesións ao número de prazas e período establecidos no acordo bilateral.

Por todo o anteriormente exposto,

### **ESTA REITORÍA RESOLVE**

Convocar o programa SICUE de mobilidade estudantil para o curso 2010/2011, de acordo coas seguintes normas:

#### **PRIMEIRA. Requisitos dos e das solicitantes**

- 1) Estar matriculado ou matriculada no curso 2009/2010 na Universidade de Vigo en estudos conducentes á obtención de títulos de diplomado ou diplomada, mestre ou mestra, enxeñeiro



técnico ou enxeñeira técnica, licenciado ou licenciada, enxeñeiro ou enxeñeira ou graduado ou graduada.

2) Deberase acreditar:

a) Para plans renovados

- ✓ ter superados, a 30 de setembro de 2009, un mínimo de 30 créditos nas diplomaturas e enxeñarías técnicas, ou un mínimo 90 créditos nas licenciaturas e enxeñarías superiores, e
- ✓ estar matriculado ou matriculada no presente curso dun mínimo de 30 créditos.

b) Para plans non renovados

- ✓ ter superadas, a 30 de setembro de 2009, como mínimo a metade das materias do primeiro curso da titulación nas diplomaturas e enxeñarías técnicas, ou o número de materias equivalente a un curso e medio nas licenciaturas e enxeñarías superiores, e
- ✓ estar matriculado ou matriculada no presente curso como mínimo na metade das materias equivalentes a un curso académico.

c) Para ensinanzas de grao

- ✓ ter superados, a 30 de setembro de 2009, un mínimo de 60 créditos, e
- ✓ estar matriculado ou matriculada no presente curso dun mínimo de 30 créditos.

d) Para titulacións de só segundo ciclo ou ben dun segundo ciclo que non resulte continuación directa do primeiro ciclo de orixe

- ✓ estar matriculado ou matriculada no presente curso dun mínimo de 30 créditos.

Ao alumnado que non cumpra estes requisitos seralles denegada a petición sen entrar a valorar o seu expediente académico.

A mesma persoa non poderá obter máis dun intercambio SICUE na mesma universidade de destino, nin máis de un en cada curso académico.

O alumnado de titulacións de só segundo ciclo ou ben dun segundo ciclo que non resulte continuación directa do primeiro ciclo de orixe non poderá solicitar intercambio SICUE para o primeiro ano destas titulacións.

O alumno ou alumna poderá cursar materias nas dúas universidades, mentres dure o intercambio.

Quedan excluídos do programa de mobilidade SICUE os plans de estudo de master e de doutorado.

### **SEGUNDA. Acordos Académicos**

- ✓ A mobilidade dos e das estudantes basearase no denominado acordo académico. Este documento describirá a actividade a realizar no centro de destino que será recoñecido automaticamente polo centro de orixe e terá carácter vinculante para os e as asinantes.



- ✓ En ningún caso poderán incluírse nos acordos académicos materias cualificadas con suspenso con anterioridade no centro de orixe. Si poderán incluírse, sen embargo, materias matriculadas ás que o alumnado non se teña presentado e aparezan cualificadas con “non presentado”.
- ✓ Poderanse cursar materias optativas do plan de estudos da universidade de destino, non incluídas no plan de estudos na Universidade de Vigo, as cales serán incorporadas no expediente do alumno ou alumna como optativas ou como libre elección.
- ✓ O período de intercambio ten que coincidir co indicado nos convenios bilaterais e en ningún caso poderá ser modificado.

### **TERCEIRA. Solicitudes e documentación**

O formulario de solicitude recollerase nos servizos administrativos dos centros e rexistros da Universidade de Vigo ou na páxina web da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado: <http://webs.uvigo.es/vicoap>.

Achegarase a seguinte documentación:

- impreso de solicitude de mobilidade (ANEXO II)
- memoria xustificativa da petición (máximo 2 folios), en modelo libre
- fotocopia do DNI

### **CUARTA. Prazo e lugar de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será **do 26 de xaneiro ao 19 de febreiro de 2010**.

A solicitude e maila documentación requirida poderá presentarse:

- no rexistro xeral do campus de Vigo (ed. Xerencia e Servizos Centrais - Campus Universitario)
- no rexistro auxiliar do campus histórico (E.U.E.T. Industrial – rúa Torrecedeira – Vigo)
- no rexistro auxiliar do campus de Ourense (ed. Administrativo - Campus Norte - As Lagoas)
- no rexistro auxiliar do campus de Pontevedra (E.U.E.T. Forestal – A Xunqueira)
- por calquera outro medio previsto na Lei 30/92, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

### **QUINTA. Selección de candidatos e candidatas**

A selección de candidatos e candidatas para participar nos intercambios comprenderá dous apartados diferentes:



➤ Nota media de cualificación

Para o cálculo das notas medias teranse en conta as cualificacións obtidas ata o 30 de setembro de 2009. Terase en conta unicamente a cualificación obtida na última convocatoria, salvo o NON PRESENTADO que non computará no numerador nin no denominador.

A nota media do expediente académico de cada alumno ou alumna calcularase de acordo co establecido no artigo 5 do R.D. 1125/2003, isto é: suma dos créditos obtidos multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan, de acordo co baremo recollido no mencionado real decreto, e dividida polo número de créditos totais obtidos polo e pola estudante. Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos correspondentes a actividades formativas non integradas no plan de estudos non serán cualificados numericamente nin computarán aos efectos de cómputo da media do expediente académico.

Naqueles casos nos que nun expediente non figure, en todas ou nalgúnhas das materias, a cualificación numérica recollida no baremo do artigo 5.4 do R.D. 1125/2003, a cualificación cualitativa da materia converterase en cuantitativa mediante a aplicación do seguinte baremo:

Matrícula de honra	10,00 puntos
Sobresaiñte	9,00 puntos
Notable	7,50 puntos
Aprobado	5,50 puntos
Suspenso	2,50 puntos

Para as materias adaptadas computarase a cualificación obtida no centro de procedencia e o recoñecemento de créditos no que non exista cualificación non se terá en conta aos efectos de ponderación.

Cando se trate de titulacións de segundo ciclo, para o cálculo da nota media, terase en conta, a media do primeiro ciclo dos estudos dende os que se accede á nova titulación mais os créditos que o alumno ou alumna puidera ter superados ata o 30 de setembro de 2009.

➤ Memoria xustificativa, cunha valoración máxima de 1 punto.

As prazas distribuiranse por orde de puntuación, non podéndose adxudicar máis prazas que as aceptadas nos convenios bilaterais establecidos para cada universidade.

No caso de empate na puntuación de varios candidatos ou candidatas, este resolverase a favor do ou da que teña máis créditos superados, no caso de persistir o empate terá preferencia quen estea matriculado ou matriculada no curso máis alto, e de non resolverse así farase por sorteo público no Servizo de Alumnado.

## **SEXTA. Tramitación, resolución e publicación**

### **1) Tramitación**

O Servizo de Alumnado será o encargado da tramitación das solicitudes presentadas.

### **2) Resolución e publicación**

Unha vez efectuada a selección, mediante resolución da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, o 18 de marzo de 2010 publicaranse as listas provisionais de



adxudicación das prazas de mobilidade, tanto nos rexistros xeral e auxiliares como na páxina web da vicerreitoría (<http://webs.uvigo.es/vicoap>)

Unha vez publicada a relación provisional de adxudicatarios e adxudicatarias cos destinos correspondentes, abríase un **prazo de reclamacións de 10 días naturais**, cando conorra unicamente algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que se cometera un erro a causa da interpretación equivocada dos documentos aportados ou da valoración do seu expediente académico.
- b) Que aparezan ou se aporten novos documentos de valor esencial para a resolución.
- c) Que na resolución influíran documentos de dubidosa validez.

**O 12 de abril de 2010 publicaranse as listas definitivas** nos mesmos lugares de publicación das listas provisionais, e a partir dese momento non se admitirán cambios nos destinos adxudicados.

O resto de candidatos e candidatas que reúnan os requisitos e que non obteñan praza de mobilidade SICUE formarán parte das listas de agarda, ordenadas seguindo os mesmos criterios de selección. Estas listas de agarda permanecerán en funcionamento ata o 30 de xuño de 2010.

#### **SÉTIMA. Obrigas do alumnado seleccionado**

Unha vez concedido o intercambio SICUE e antes do 15 de setembro, o beneficiario ou beneficiaria deberá cubrir o acordo académico que será asinado polo coordinador ou coordinadora e polo decano/director ou decana/directora do centro de orixe. Unha vez se teña incorporado o alumno ou alumna á universidade de destino será asinado o acordo académico polo coordinador ou coordinadora e polo decano/director ou decana/directora do centro de destino.

Nas datas fixadas pola Universidade de Vigo na convocatoria de matrícula ordinaria para o curso 2010/2011, **os e as estudantes deberán realizar, no seu centro de orixe, a súa matrícula no curso 2010/2011, indicando que teñen concedida a mobilidade SICUE.**

Na universidade de destino o alumno ou alumna deberá:

- ✓ Dirixirse á unidade administrativa correspondente achegando un exemplar do acordo académico debidamente asinado pola universidade de orixe do ou da estudante, que se asinará na universidade de destino e se devolverá á de orixe do alumno ou alumna nun prazo non superior a 40 días dende a data da súa incorporación. O acordo académico terá carácter vinculante para os e as asinantes (alumno ou alumna, centro de orixe e centro de destino), e só poderá ser modificado no **prazo de 1 mes** a partir da incorporación do ou da estudante ao centro de destino.
- ✓ **Inscribirse no centro de destino**, tendo en conta que as taxas de matrícula serán aboadas exclusivamente na universidade de orixe. Durante a duración do programa de intercambio, os e as estudantes serán alumnos ou alumnas do centro de orixe a todos os efectos, tendo os dereitos académicos e obrigas dos alumnos e alumnas do centro de destino.

#### **OITAVA. Prazos de renuncia e penalizacións**

Unha vez adxudicada unha praza de intercambio SICUE poderase renunciar a ela **ata o 30 de xuño**, o que dará lugar aos movementos correspondentes nas listas de agarda.




UNIVERSIDADE  
DE VIGO

No caso de non presentar renuncia no prazo sinalado ou de non incorporarse ao intercambio no prazo establecido a tal efecto, o ou a estudante poderá ser penalizado ou penalizada, polo prexuízo causado a outros e outras posibles solicitantes, quedando excluído ou excluída da posibilidade de intercambio durante un curso, salvo causa xustificada. En todo caso, considerarase causa xustificada a non concesión da bolsa Séneca, sempre que a renuncia sexa presentada no prazo de **7 días naturais** dende a data de publicación da resolución definitiva de adxudicación das Bolsas Séneca.

### **NOVENA. Ámbito de aplicación**

As normas contidas na presente convocatoria serán de aplicación ao alumnado desta universidade e ao alumnado externo que curse os seus estudos na Universidade de Vigo ao abeiro do programa de mobilidade estudiantil SICUE.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Vigo, 25 de xaneiro de 2010  
VICERREITOR  
  
Alberto Gago Rodríguez

VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO  
VICERREITORA DE TITULACIÓNS E CONVERXENCIA EUROPEA  
VICERREITORA DE EXTENSIÓN CULTURAL E ESTUDANTES  
SECRETARIA XERAL  
VICEXERENTA DO CAMPUS DE PONTEVEDRA E XESTIÓN ACADÉMICA  
DECANOS/DIRECTORES E DECANAS/DIRECTORAS DE TODOS OS CENTROS DA UNIVERSIDADE  
COORDINADORES E COORDINADORAS DO PROGRAMA SICUE  
XEFA DE SERVIZO DE ALUMNADO  
XEFE DE SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA  
ADMINISTRADORES E ADMINISTRADORAS DE CENTROS  
XEFA DE SECCIÓN DE ADMISIÓN E XESTIÓN DE ALUMNOS  
XEFA DE SECCIÓN DE TÍTULOS E PLANS DE ESTUDO  
XEFA DE SECCIÓN DE BOLSAS  
XEFE DE SECCIÓN DE POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA  
XEFES E XEFAS DE ÁREA ACADÉMICA OU DE ADMINISTRACIÓN DOS CENTROS DA UNIVERSIDADE  
RESPONSABLES DOS REXISTROS XERAL E AUXILIARES DA UNIVERSIDADE  
XEFES E XEFAS DAS AREAS DE SERVIZOS Á COMUNIDADE  
XEFA DE NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL  
DELEGACIÓNS DE ALUMNOS